

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS TÉCNICOS RELATIVOS Á XESTIÓN E PREVENCIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS
PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS TÉCNICOS RELATIVOS Á XESTIÓN
E PREVENCIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS**

Introdución

Desde o ano 2015 a Deputación de Pontevedra desenvolve un plan de residuos municipais baseado na compostaxe denominado Revitaliza.

A súa razón de ser é tentar cumprir, e mesmo superar, os obxectivos fixados na normativa europea, estatal e autonómica en canto ás porcentaxes de residuos municipais previstos, reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral de usar os recursos de forma eficiente.

A Unión Europea xa estableceu a obriga de compostar en orixe ou recoller separadamente os biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023; no ámbito autonómico galego a recentemente aprobada Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados, incorpora como obriga para os concellos a súa implantación, no mesmo horizonte temporal que o da recollida separada dos biorresiduos, no servizo de xestión de residuos municipais.

No Revitaliza téntanse aplicar, o máximo posible, os principios fixados no paquete lexislativo derivado da Directiva marco de residuos da UE; é dicir, na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, no Plan estatal de prevención de residuos, no Plan estatal marco de xestión de residuos, e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia etc., e incorpórase tamén o posterior Paquete sobre economía circular. Estes principios comprenden o fomento da economía circular, a autosuficiencia, a proximidade (quilómetro cero), a responsabilidade ampliada do produtor, a xerarquía de residuos e a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

O Revitaliza conta nestes momentos cun total de 48 concellos adheridos e cun longo treito andado. Para dotalo dunha ordenanza reguladora na que se recollen as normas que deben rexer o seu funcionamento, o Pleno provincial, na súa sesión do 26 de outubro de 2018, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do Revitaliza; acordo que quedou elevado a definitivo ao non producirse alegacións no período de información pública e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 21, de 30 de xaneiro de 2019.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Mediante esta ordenanza, ademais de recoller a experiencia acumulada da implantación do propio Revitaliza, conseguíronse completar e sistematizar as normas de funcionamento deste plan e consolidar as obrigas e os dereitos que asisten as institucións implicadas (a Deputación e os concellos).

Unha vez avanzada a implantación do Revitaliza nos termos expostos, detectouse a necesidade de modificar este instrumento normativo coa finalidade de acadar dous obxectivos principais: por unha banda, adecuar a ordenanza á situación real dos concellos adheridos modificando os obxectivos das porcentaxes de tratamento dos biorresiduos e adaptando as súas obrigas, o que inclúe a necesidade de implantar e reforzar, segundo os casos, o servizo de vixilancia, inspección e control do servizo de residuos municipais; por outra banda, establecer unha colaboración activa para dotar os concellos dos instrumentos normativos precisos que consoliden os avances xa acadados e aumenten o ritmo de implantación do novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe, coma a ordenanza reguladora do servizo e a fiscal.

Esta modificación aprobouna inicialmente o Pleno da Deputación provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 26 de marzo de 2021, e elevouse a definitiva coa súa publicación no BOPPO núm. 105, de 4 de xuño de 2021, ao non producirse alegacións durante a súa tramitación.

Para cumprir este mandato plenario, desde o Revitaliza estanse a redactar unhas ordenanzas-modelo de xestión do servizo e fiscal adaptadas á normativa e aos obxectivos deste plan que servirán de base para as ordenanzas municipais.

Ademais, é necesario que os concellos dispoñan dos instrumentos técnicos precisos para determinar as directrices na xestión e prevención dos residuos municipais, cun contido mínimo que permita ter unha radiografía o máis fidedigna posible da situación actual e que contemple unha proposta de actuación nesta materia.

Así, co fin de avanzar na mellora da xestión dos residuos municipais, convócase esta liña de axudas ás entidades locais da provincia de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é articular unha liña de subvencións destinada a financiar a redacción dos seguintes documentos relacionados entre si:

Estudo técnico de xestión e prevención de residuos municipais, co contido mínimo recollido no anexo I destas bases, e no que se integre un estudo económico da solución ou solucións propostas que sirva de base para a futura ordenanza fiscal.

Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo de xestión de residuos redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo fiscal redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.

Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán participar nesta convocatoria as entidades locais da provincia de Pontevedra que teñan un censo de poboación inferior aos 50.000 habitantes, tanto individualmente coma agrupados, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística referida aos últimos datos publicados, e que no momento de finalización do prazo de presentación de instancias estean adheridos ao Revitaliza da Deputación de Pontevedra segundo o protocolo publicado no BOPPO núm. 199, de 18 de outubro de 2016, adhesión que se pode facer simultaneamente con esta convocatoria.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades locais nas que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Terceira. Financiamento e contía das subvencións

As contías máximas da subvención, segundo a poboación da entidade solicitante, serán as seguintes:

- Menos de 2.000 habitantes: 6.000 €
- De 2.000 a 3.999 habitantes: 9.000 €
- De 4.000 a 7.999 habitantes: 12.000 €
- De 8.000 a 13.999 habitantes: 15.000 €
- De 14.000 a 24.999 habitantes: 19.500 €
- De 25.000 a 49.999 habitantes: 22.500 €

No caso dunha petición conxunta de varios concellos ou dunha petición dunha mancomunidade, a contía será a que lle correspondería ao concello máis poboado incrementada no 30 % do que lle correspondería a cada un dos outros concellos.

No caso de que o custo da elaboración dos documentos obxecto da subvención supere as ditas contías máximas, o importe restante achegarao o concello solicitante.

Estas axudas contan cun crédito total de cen mil (100.000,00) euros e financiaranse con cargo á aplicación 21/923.1623.762.59 do vixente Orzamento provincial.

Cuarta. Criterios de concesión

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva entre as entidades que cumpran os requisitos de admisión establecidos na base segunda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

As solicitudes presentadas valoraranse segundo os criterios que se describen a continuación e resultarán seleccionadas aquelas que obteñan a maior puntuación ata o límite orzamentario establecido na base terceira ou ata que se acade o número máximo de dez (10) entidades beneficiarias, tanto individuais coma colectivas. Determínase este número máximo pola capacidade do persoal técnico provincial de dirixir e supervisar a redacción dos estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais e as ordenanzas.

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son os seguintes:

a) Por contratar persoal especializado con funcións de xestión de residuos, con categoría de C1 ou superior, excluídas as e os operarios e o demais persoal con funcións de recollida, limpeza e similares, ata un máximo de 35 puntos, en función da ratio de persoas contratadas por cada 10.000 habitantes; a cada concello asignaráselle a puntuación correspondente segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación concello} = 35x \frac{\text{ratio do concello}}{\text{ratio máxima dos concellos presentados}}$$

$$\text{Ratio do concello} = \frac{\text{núm. técnicas/os} \times 10.000}{\text{poboación de dereito}}$$

b) Por ter implantada a compostaxe local na data de publicación da convocatoria, a través de composteiros individuais (COIN) e comunitarios (CCC), ata un máximo de 35 puntos, en función da cobertura relativa medida en tanto por cento sobre o total da poboación; asignaráselles as seguintes ratios:

- 1,25 habitantes por COIN, con capacidade inferior a 800 litros
- 2,5 habitantes por COIN, con capacidade igual ou superior a 800 litros
- Habitantes resultantes de dividir as tFORM tratadas nos CCC (segundo conste na App-REVITALIZA do ano considerado) entre 0,146 (tFORM/habitante·ano)

$$\text{Puntuación concello} = 35x \frac{\% \text{cobertura do concello}}{\% \text{máxima cobertura dos concellos presentados}}$$

$$\% \text{cobertura concello} = \frac{(t^{FORM CCC} / 0,146) + n^{\circ} COIN^{<800} \times 1,25 + n^{\circ} COIN^{\geq 800} \times 2,5}{\text{poboación de dereito}} \times 100$$

Neste apartado, para valorar as solicitudes terase en conta, entre outros, o número de CCC e de COIN instalados e en funcionamento, e que os datos se atopen na plataforma do Revitaliza e obren en poder do persoal técnico provincial. Os CCC e os COIN non introducidos na plataforma non serán valorados.

c) Polos datos dispoñibles no sistema de indicación xeográfica (SIX) das recollidas selectivas das tres principais fraccións de inertes: vidro (V), papel/cartón (P/C) e envases lixeiros (EE. LL.) en relación cos datos dispoñibles (SOGAMA) da recollida de “resto” do último ano dispoñible máis próximos á data de publicación da convocatoria, ata un máximo de 30 puntos, segundo a fórmula:



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

d)

$$\text{Puntuación concello} = 30x \frac{\frac{\text{toneladas selectivas } (V + \frac{P}{C} + EELL)}{\text{toneladas "resto"}} (\text{concello})}{\frac{\text{toneladas selectivas } (V + \frac{P}{C} + EELL)}{\text{toneladas "resto"}} (\text{concello máximo})}$$

Quinta. Prazo, lugar e forma de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sexta. Documentación

As entidades interesadas en participar nesta convocatoria deberán achegar, xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- Acordo de aprobación da solicitude por parte do órgano municipal competente da entidade local
- Certificación do acordo de adhesión ao Revitaliza da entidade local, no caso de nova adhesión

Así mesmo, e para os efectos da valoración das solicitudes, será obrigatorio achegar a seguinte documentación:

1. Copia do contrato/nomeamento do persoal especializado con funcións na xestión dos residuos no que se poida verificar a categoría do persoal e a duración do contrato. O contrato/nomeamento deberá estar en vigor no momento no que se conceda a subvención. Documento no que se indique que o persoal especializado se ocupa fundamentalmente de traballos relativos á xestión do lixo (excluirase o persoal de contratas de lixo, servizos de recollida, limpeza viaria etc.)

2. Datos (do último ano dispoñible) de V, P/C e EE. LL. recollidos selectivamente e datos de "resto" entregados a SOGAMA nese mesmo ano.

Así mesmo, as agrupacións de concellos que se constitúan para optar a estas axudas presentarán os seguintes documentos:

- Acordo de aprobación da solicitude de cada un dos concellos da agrupación

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

- Convenio de colaboración interadministrativa
- Declaración do concello de que vai recibir o importe da axuda e de que deberá presentar a documentación para o pagamento e a xustificación

Non será necesario achegar os documentos xa presentados. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de acordo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que a entidade se opoña ás devanditas consultas deberá indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselle requirir á entidade a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar durante a tramitación deste procedemento deberán realizarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Instrución e procedemento

A instrución do procedemento de concesión, que lle corresponde ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, comprenderá as seguintes actividades ou fases:

1. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor, que solicitará as emendas que procedan, no seu caso, no prazo de dez (10) días.

2. Petición de informes: o órgano instrutor solicitaralle un informe ao Comité de persoas expertas segundo os criterios de valoración recollidos nestas bases.

3. O Comité de persoas expertas emitirá un informe no que figurará a valoración feita á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido e indicando a puntuación de cada candidatura en cada un dos criterios.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

4. Informe-proposta da Xefatura do Servizo de Asistencia Intermunicipal no que se relacionen as solicitudes por orde decrecente de puntuación e se indique a subvención máxima que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias, así como a proposta motivada de exclusión de solicitudes.

5. Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.

6. Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de avaliación e formulación da proposta de acordo, que deberá conter a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento. Esta proposta elevarase ao órgano competente para a súa aprobación. A Comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros:

— Presidenta ou presidente: unha xefa ou xefe de servizo ou centro da Deputación de Pontevedra

— Vogais: unha técnica ou técnico en Medio Ambiente, unha técnica ou técnico do Servizo de Asistencia Intermunicipal e unha técnica ou técnico do Servizo de Intervención

— Secretaria ou secretario: o secretario da Deputación de Pontevedra ou unha funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue

7. Proposta de acordo definitiva. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará a proposta de acordo definitiva, que deberá conter a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

A proposta de acordo definitiva non lle crea ningún dereito á entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique o acordo de concesión.

Décimo primeira. Resolución

1. Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de acordo definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

2. O acordo deberá motivarse, e quedarán acreditados no procedemento os fundamentos do acordo adoptado.

3. O acordo, ademais de conter a relación de entidades solicitantes ás que se lles concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

4. A resolución do procedemento deberá ditarse no prazo de seis (6) meses. Este computarase a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar o acordo lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

5. Unha vez publicado o acordo de concesión, entenderase que as entidades aceptan as subvencións cando transcorresen dez (10) días, contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estas expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

6. O acordo ponlle fin á vía administrativa; fronte a el poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo segunda. Xustificación e aboamento

As persoas beneficiarias deberán redactar e presentar os estudos técnicos e demais documentación no prazo de oito (8) meses, contados a partir da notificación da concesión da subvención.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo “Instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

a) Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:

- Estudo técnico de xestión e prevención de residuos municipais, co contido mínimo recollido no anexo I destas bases, e no que se integre un estudo económico da solución ou solucións propostas que sirva de base para a futura ordenanza fiscal.
- Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo de xestión de residuos redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.
- Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo fiscal redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.

b) Xustificación dos gastos:

- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, nas que o gasto se corresponda coa actividade subvencionada, e certificado da súa aprobación polo órgano competente. As facturas conterán os requisitos que lle dean validez e que confirmarán as e os técnicos provinciais.

c) Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actuación ou na subministración subvencionada.

d) Informe do persoal técnico provincial competente relativo á adecuación do programa realizado aos obxectivos propostos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Décimo terceira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo segunda sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Asistencia Intermunicipal requiriralla para que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo representará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Décimo cuarta. Compatibilidade

As subvencións recollidas nestas bases son compatibles con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b) Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.
- c) Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións.

Décimo sexta. Modificación do acordo de concesión

A entidade beneficiaria da subvención poderá solicitarlle ao órgano concedente a modificación do acordo de concesión nos termos e nas condicións establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria enviaráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo oitava. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na LXS.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

O seu réxime xurídico axústase ao disposto nestas bases; na LXS e no seu regulamento (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo); na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia (LSG); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL); na LPACAP; nas bases de execución do orzamento para o exercicio 2021; e na demais normativa aplicable.

Décimo novena. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable,” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YNDF5PXY1245SDGW



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

ANEXO I
CONTIDO MÍNIMO DO ESTUDO TÉCNICO
DE XESTIÓN E PREVENCIÓN DE RESIDUOS

A. DATOS XENÉRICOS DO CONCELLO

Denominación
Extensión
Poboación total
Evolución da poboación nos últimos 30 anos
Número de núcleos de poboación
Núcleo máis poboado e a súa poboación
Número de núcleos de entre 0 e 50 habitantes e poboación total destes núcleos
Número de núcleos de entre 50 e 149 habitantes e poboación total destes núcleos
Número de núcleos de entre 150 e 499 habitantes e poboación total destes núcleos
Número de núcleos de 500 ou máis habitantes e poboación total destes núcleos
Existencia de estacionalidade e, no seu caso, estimación da súa intensidade
Existencia de produtoras/es individuais ou sectores que xeren unha elevada cantidade de residuos municipais. No seu caso, estimación da súa produción
Estimación da xeración de residuos nos fogares. Porcentaxe do total de residuos municipais
Estimación da xeración de residuos en actividades diferentes á doméstica. Porcentaxe do total de residuos municipais

Nota. O núcleo máis poboado non se incluírá nos demais núcleos para evitar duplicidades.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

B. DATOS ESPECÍFICOS DO CONCELLO

Sistema actual de recollida e tratamento de residuos
Sistema proposto de recollida e tratamento de residuos e programación temporal das actuacións previstas para a súa execución
Estudo económico coa estimación de custos da solución ou solucións propostas que sirva de base para elaborar a futura ordenanza fiscal
Obxectivos específicos de prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, así como de eliminación dos residuos, e medidas que se deberán adoptar para conseguir estes obxectivos
Plan de infraestruturas necesarias para conseguir os obxectivos previstos, de ser o caso

